

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A ANÁLISE E CONTROL DE INFECCIÓNS POR PROTOZOOS CILIADOS NO CENTRO DE CULTIVOS MARIÑOS DE RIBADEO, COMO PARTE DA ACCIÓN SEGUIMENTO E ADAPTACIÓN NO SUBMAREAL DE NAVALLA E AMEIXA BABOSA, DESDE O CRIADEIRO AO MEDIO NATURAL. SUBSEAM CIMA 21/06.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa firma por todas as partes ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer os termos e condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería do Mar e a Universidade de Santiago na “Análise e control de infeccións por protozoos ciliados no Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo, como parte da acción seguimento e adaptación no submareal de navalla e ameixa babosa, desde o criadeiro ao medio natural”, na acción de investigación do CIMA *SUBSEAM 21/06*.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

- A Consellería do Mar e a Universidade de Santiago de Compostela consideran esencial o establecemento de accións conxuntas que permitan realizar os traballos propostos na acción de investigación desenvolvida no Centro de Investigacións Mariñas relacionados co cultivo en criadeiro de moluscos bivalvos e patoloxías asociadas. A combinación da experiencia no cultivo do Centro de Investigacións Mariñas de Ribadeo, xunto coa ampla experiencia na investigación de patoloxías en acuicultura do Laboratorio de Parasitoxía do Instituto de Investigación en Análises Químicos e Biolóxicos (IIAQBUS) da Universidade de Santiago de Compostela, permitirá afondar no coñecemento das posibles patoloxías asociadas a protozoos

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal



ciliados, proceder a súa identificación e realizar o seu control, co fin de mellorar o éxito da produción de semente de moluscos bivalvos no criadeiro.

- A acción SUBSEAM CIMA 21/06 “Seguimento e adaptación no submareal da navalla e ameixa babosa, desde o criadeiro ao medio natural” está dirixida principalmente ao estudo e seguimento da navalla e a ameixa babosa dende o criadeiro ata a súa adaptación no medio natural. No Centro de Investigacións Mariñas de Ribadeo téñense observado mortalidades elevadas de moluscos bivalvos, con presenza de protozoos ciliados tanto nas especies citadas como noutras especies de bivalvos cultivadas no centro. Co fin de mellorar a produción de semente abordárase tamén nesta acción o estudo sobre a presenza de patoloxías asociadas a mortalidades nos cultivos producidos no Centro de Investigacións Mariñas de Ribadeo.
- Toda a información obtida no estudo permitiranos coñecer a dinámica infecciosa dos cultivos e todos os factores asociados a potenciais riscos de brotes de mortalidade. Tamén nos permitirá desenvolver as metodoloxías necesarias para monitorizar en tempo real a presenza do axente etiolóxico que nos informará sobre os riscos de infección dos cultivos e establecer medidas de prevención e, posteriormente, de control mediante a aplicación de barreiras físicas de entrada do patóxeno, eliminación de materia orgánica, control bacteriano da auga, loita biolóxica mediante a introdución de poboacións de ciliados non patóxenas que actúen de competidoras, ou a utilización de produtos químicos ou físicos para a desinfección da auga do cultivo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Susana Rodríguez Carballo
(*asinado dixitalmente*)

CONSELLERÍA DO MAR
DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa dos Irmandiños, s/n- Salgueiriños
15781 Santiago de Compostela
T. 981 546 176
cma.dxdesevolvemento@xunta.gal

